

PROGRAMACIÓN
XERAL
ANUAL

CURSO ESCOLAR
2011 - 2012

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

ÍNDICE

	<u>PÁXINA</u>
1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO	4
3.- CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN	13
4.- OBXECTIVOS DE CICLO	17
4.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL	18
4.2. OBXECTIVOS DO 1º CICLO DE PRIMARIA	19
4.3. OBXECTIVOS DO 2º CICLO DE PRIMARIA	19
4.4. OBXECTIVOS DO 3º CICLO DE PRIMARIA	20
5.- PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	21
6.- COMISIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	22
7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	23
8.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA	24
9.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO	25
10.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO	26
10.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	26
10.1.1. EQUIPO DIRECTIVO	26
10.1.2. PROFESORADO	26
10.1.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	28
10.1.4. COMISIÓNS	29
10.1.5. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA	31
10.1.6. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS	31
10.1.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA	32
10.2. PERSOAL NON DOCENTE	32
10.3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	32
10.4. ESTATÍSTICA DO NÚMERO DE ALUMNOS/AS Ó COMEZO DE CURSO	32
11.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO	33
12.- VIXILANCIA NOS RECREOS	33
13.- HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN	33
14.- ORGANIZACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	33
15.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	34
16.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	37
16.1. OBXECTIVOS	38
16.2. BIBLIOTECA	48
16.3. SAÍDAS ESCOLARES A REALIZAR NESTE CURSO	40
17.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR	41
18.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	44
19.- PARTICIPACIÓN PROFESORADO EN PROXECTOS	44
20.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	45
21.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA	45
22.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS	46
23.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO (INTERNA)	46
ANEXO I (PLAN ANUAL DE LECTURA)	47
ANEXO II (QUENDAS DE ENTRADAS/TRANSPORTE/RECREOS/LECTURA)	55

1.- Introducción.

Ante a publicación da Orde do 23 de xuño de 2011 da Consellería de Educación e O. U., pola que se regula a nova xornada laboral do persoal docente, a dirección do centro educativo en colaboración co claustro de profesorado vémonos na necesidade de organizar a atención do alumnado nas entradas e saídas no centro escolar. E con tal motivo este centro acordou adoptar as seguintes normas de organización:

- * As portas do recinto escolar abríranse ás 8:50 horas e ás 13:50 e pecharanse ás 9:10 e as 14:10 horas para dar entrada e saída ó alumnado transportado e ó resto de alumnado.

- * O alumnado dirixirase directamente para o patio cuberto tanto en educación infantil coma en educación primaria, onde será recollido e atendido polo profesorado de garda.

- * O alumnado situarase nas filas correspondentes ao seu curso e grupo, gardando en todo momento respecto e consideración.

- * As familias do alumnado non permanecerán no patio cuberto debendo deixar libre o corredor de acceso ao mesmo.

- *As familias deberán abandonar axiña o recinto escolar para favorecer a atención do alumnado por parte do profesorado de garda.

- * Cando soe a música de entrada o alumnado entrará no seu edificio seguindo a orde establecida polo profesorado de garda.

- * Ás portas do recinto escolar pecharanse as 9:10 horas, de xeito que todo alumnado que chegue posteriormente a esa hora entrará pola porta principal de educación primaria. O alumnado de educación primaria deberá pasar por Secretaría para rexistrar a súa falta de puntualidade, antes de incorporarse a súa aula.

- * Durante o período de adaptación do alumnado de 4º curso de educación infantil (3 anos) as familias accederán ao colexio de educación infantil nos horarios establecidos no calendario.

MOI IMPORTANTE: O alumnado que asiste ó noso centro é menor de idade, polo que a garda e custodia do mesmo corresponde ás familias ata a entrada e saída do recinto escolar. Por este motivo todo o alumnado deberá entrar e saír acompañado do centro por un adulto, a menos, que conte coa correspondente AUTORIZACIÓN para desprazarse só. No caso de que á hora da saída do centro, haxa alumnado que non

conte coa citada autorización permanecerá custodiado polo profesorado de garda ata a chegada dun adulto que se faga cargo do mesmo. No caso de non presentarse ningún adulto avisarase aos servizos sociais para que se fagan cargo do menor.

No marco do Proxecto de Dirección, o equipo directivo pretende conseguir un centro participativo, flexible e receptivo ás propostas do entorno mantendo unha continuidade coa traxectoria pedagóxica iniciada en cursos anteriores.

Continuamos co compromiso de potenciar a presenza da lingua galega no ensino, fundamentalmente na etapa de educación infantil, compatibilizando o cumprimento do Decreto de Plurilingüismo e respectando o sentir das familias galego-falantes.

Así mesmo, consideramos que a utilización das Tecnoloxías da Comunicación e da Información nos procedementos de xestión, ensino-aprendizaxe e comunicación poden favorecer á obtención de mellores resultados en tódolos procesos da comunidade educativa. A confirmación de que o CEIP Emilia pardo Bazán contará no actual curso escolar co equipamento dun Centro Abalar supón un reto tecnolóxico e metodolóxico para o profesorado do centro, que participará activamente na formación derivada do Proxecto Abalar.

2.- Obxectivos xerais a conseguir neste curso.

2.1. Actualizar o Proxecto Educativo de Centro.

O centro conta cun documento que recolle os sinais de identidade e o modelo organizativo do centro. É preciso actualizar o citado documento adaptándoo ao disposto no *Decreto 130/2007*.

Temporalidade e responsables:

Partiremos do documento que existe actualmente, incluíndo nel as modificacións que sexan necesarias. Os equipos de ciclo formularán as propostas de modificación no primeiro trimestre. Durante o segundo trimestre a Comisión de Coordinación Pedagóxica será quen supervise a coherencia do novo documento para sometelo á aprobación do Claustro e Consello Escolar antes do remate do curso actual.

2.2. Avaliación de diagnóstico.

Estando a espera das disposicións que dite a Consellería de Educación e O. U. para aplicación da proba de Avaliación de Diagnóstico no presente curso escolar, no seno do Claustro de Profesorado constituíuse a Comisión para a Avaliación Diagnóstica. Esta avaliación corresponderá ao alumnado escolarizado en 4º curso de educación primaria.

Con respecto ós resultados obtidos na proba aplicada o curso anterior, os equipos de ciclo, baixo supervisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica engadirán as medidas correctoras que se estimen oportunas.

2.3. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC.

Neste curso deberemos continuar coa súa concreción anual, entendendo que son actuacións a realizar en varios cursos. Deberemos organizar o uso dos recursos que conta o centro para así tratar de que as TIC formen parte da práctica educativa diaria nas aulas do noso centro.

Faise precisa a mellora na formación do profesorado para facilitar o aproveitamento dos recursos dispoñibles, así como para a posta en práctica do contemplado no Plan de Introducción das TIC. Con esta finalidade solicitaranse ao CFR varias modalidades formativas: Proxecto de Formación en Centros Abalar e Seminario Permanente. Ademais a Comisión TIC ofertará actividades formativas puntuais dentro das posibilidades do seus integrantes.

A instalación dos puntos de acceso á rede mediante conexións locais, nas aulas do 1º e 2º ciclo de educación primaria, e nas aulas de Educación Musical, Inglés, ERE Evanxélica e A.L. permitirá un funcionamento máis axeitado ás necesidades de profesorado e alumnado.

Temporalidade e responsables:

No primeiro trimestre será a Comisión de Novas Tecnoloxías a encargada de realizar as actuacións precisas de organización dos recursos: vídeo-proxectores, uso de ordenadores portátiles, conexións locais dos ordenadores das aulas, ...

Tamén neste primeiro trimestre o Equipo Directivo realizará as xestións precisas para a solicitude das modalidades formativas ao CFR.

Durante os tres trimestres desde a Comisión de Novas Tecnoloxías ofertaranse actividades formativas puntuais dirixidas ó profesorado do centro dentro das posibilidades dos seus integrantes.

2.4. Concreción anual do Plan Lector.

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

2.4.1. Fundamentación

O Plan Anual de Lectura está estreitamente relacionado con todas as competencias básicas do currículo, especialmente coa competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender porque promove:

- o O fomento da lectura.
- o O desenvolvemento da lectura progresiva e continuada desde os primeiros niveis de escolarización.
- o A lectura en todo tipo de textos: literarios, expositivos, gráficos, publicitarios...; en soporte impreso ou dixital; con todo tipo de finalidades.
- o A educación en información, utilizando os recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, empregadas funcionalmente e de forma eficaz, comprensiva e ética.

É, por iso, que arredor destes puntos desenvolveranse unha serie de actividades sistematizadas e integradas en todas as áreas do currículo e para as que se conta cun tempo mínimo de media hora de lectura diaria.

2.4.2. Obxectivos

Incluír no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a idea da necesidade da lectura, dedicándolle á mesma os recursos materiais e persoais que requira.

- Implicar a todo o profesorado do Centro para continuar co programa de lectura que xa levamos aplicando dende hai varios cursos: Plan de Lectura Silenciosa Sostida.
- Erradicar na medida do posible dificultades lectoras que afastan aos alumnos da lectura.
- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico, senón tamén a nivel de comprensión lectora, desenvolvendo o hábito lector.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de lecer e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- Informar ás familias da necesidade da lectura e impicalas no proxecto lector.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e de Centro a través de actividades atraentes
- Fomentar o uso das bibliotecas como instrumento de lecer e recurso para “aprender a aprender”.
- Realizar actividades de animación lectora na medida das posibilidades que se teñan cada curso.
- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información.
- Establecer frecuentes utilizacións dos recursos bibliotecarios para o traballo cotián da aula nas tarefas propostas.
- Realizar o mantemento dos recursos da B.E. por parte da comisión de biblioteca, así como manter unha relación fluída coas bibliotecas escolares e municipais da localidade.
- Coordinar desde as distintas actividades de aprendizaxe a dedicación dun tempo de media hora diaria á lectura.

2.4.3. Dinamización da biblioteca escolar

O equipo de Biblioteca ocuparase de:

- o Adquirir e coordinar a compra de fondos, materiais,...
- o Realizar o tratamento técnico dos fondos (selección, catalogación, informatización, subida a internet do catálogo coas imaxes correspondentes, organización,...)
- o Continuar coa política de préstamos seguida ata agora.
- o Informar das normas de funcionamento da B.E.
- o Divulgar os fondos existentes da B.E. e as súas posibilidades de consulta entre a comunidade escolar.
- o Realizar exposicións temáticas de fondos, de novidades, datas conmemorativas,...
- o Elaborar Guías de Lectura.
- o Publicar artigos na revista dixital.
- o Promover a formación de usuarios e a formación documental.
- o Fomentar o uso da B. E. como centro de recursos multimedia.

2.4.4. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.

Dende o curso 2002-2003 lévase a cabo o “Programa de Lectura Silenciosa Sostida”. Despois de moitos debates nos ciclos e comisións, durante os cursos anteriores, por decisión do Claustro, púxose en práctica este Proxecto.

Todos os días, de 12 h. A 12,20 h., inmediatamente despois do recreo, todo o Centro le en silencio un libro da súa elección, escollido na B. de aula ou levado da súa casa, “sen pedir nada a cambio”.

Co tempo vanse introducindo nalgunhas aulas algunhas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo, que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

2.4.5. Itinerarios lectores

Figurarán na Memoria final.

2.4.6. Actividades

ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Actividades de formación de usuarios	1º trimestre	Fondos da B.E. e de aula
Exposición dos novos fondos bibliográficos		Fondos da B.E.
Exposición e ambientación sobre o Medo		Fondos da B.E., material funxible,...
Exposición e ambientación sobre o Nadal		Fondos da B.E., material funxible,...
Entrega das Guías de Lectura para o Nadal		Guías
Publicación de artigos na revista dixital do Centro		Internet
Ambientación e exposición das Novidades de inverno	2º trimestre	Fondos da B.E., material funxible,...
Encontros con autores		Fondos persoais, da B.E.,...
Exposición temática		
Publicitación dos fondos da B.E.		Material funxible, internet,...
Ambientación e exposición das Novidades de primavera	3º trimestre	Fondos da B.E.
Exposición e traballos sobre o autor do Día das Letras Galegas		Fondos da B.E., persoais, material funxible,...
Guía de Lecturas para o verán		Guías
Entrega de Diplomas "Leóns Dourados"		Agasallos diversos, diplomas, material funxible,
Publicación de artigos na revista dixital		Internet

EDUCACIÓN INFANTIL		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Manipulación e manexo de contos	Sistemática	Fondos da B. E e de aula
Lectura de contos (en gran grupo)	Sistemática	Fondos da B. de aula e persoais
Formulación de preguntas sobre o conto	Sistemática	Fondos da B. de aula
Invencción de principios e finais diferentes para contos	Sistemática	Fondos da B. de aula e outras
Creación de contos	Puntual	Fondos da B. de aula e outras
Gravación de contos en audio ou vídeo	Puntual	Fondos da B. E. e de aula
Dramatización de contos	Puntual	Fondos da B. de aula e outras
Participación nos Contacontos do Concello	Puntual	Fondos das B. do Concello
Lectura de imaxes (colectiva e individual)	Sistemática	Fondos da B. de aula, recuncho da expresión oral
Secuenciación e ordenación de imaxes	Puntual	Fondos da B. de aula, recuncho da expresión oral
Lectura en distintos soportes: libros, fotos, multimedia, música,...	Puntual	Fondos da B. E., da B. de aula e outras, internet,...
Lectura de pequenas frases (5 anos)	Sistemática	Fondos da B. de aula
Iniciación en diferentes tipos de texto: contos, poesías, receitas,...	Puntual	Fondos da B. de aula, da B. E. e doutras
Actividades multimedia de animación á lectura interactuando e facilitando o achegamento ás TIC's	Puntual	Fondos da B. E., internet, ...
Iniciación na busca da información	Puntual	Fondos da B.E., xornais, revistas, internet,...
Elaboración de pareados co vocabulario dos contos	Puntual	Fondos da B. de aula
Identificación das partes dun libro: títulos, personaxes,...	Puntual	Fondos da B.E., da B. de aula, persoais,...
Préstamo de libros	Sistemática	Fondos da B. de aula
Visitas a outras bibliotecas: escolar, municipal	Puntual	B.E. e outras
Colaboración familiar a través da donación dun libro por cada familia para a biblioteca escolar	Puntual	Fondos persoais

1º CICLO E. PRIMARIA		
ACTIVIDADES	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á B. E. para ler os carteis, coñecer as seccións, analizar as etiquetas,...	Puntual	Fondos da B.E.
Lectura silenciosa e individual e tamén colectiva de todo tipo de textos	Sistemática	Fondos da B. E. , B. de aula, persoais
Presentacións de textos diversos, novidades,...	Puntual	Fondos da B.E., de aula, persoais,...
Narración de contos ou poemas polos profesores ou alumnos	Sistemática	Fondos da B.E., da B. de aula
Dramatización das lecturas	Puntual	Material bibliográfico e material funxible
Lectura de dous libros ao longo do curso	Sistemática	Fondos persoais e de aula
Encontros con autores	Puntual	Fondos persoais e de aula
Realización de traballos plásticos relacionados coas lecturas	Puntual	Material funxible
Iniciación á busca de información: elaboración dun pequeno traballo relacionado cos contidos curriculares de Coñecemento do Medio	Puntual	Fondos da B.E., B. de aula, internet, outros,...
Busca de títulos para a B.E.	Puntual	Catálogos das editoriais, revistas, internet, suxerencias dos alumnos,...

2º CICLO E. PRIMARIA		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Identificación das partes dun libro e análise da información que aporta cada unha : portada, contraportada, solapas, índice,...	Sistemática	Fondos da B. E. , de aula,...
Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos	Sistemática	Fondos da B. E. , de aula, persoais, doutras bibliotecas,
Lectura de dous libros ao longo do curso	Sistemática	Fondos persoais, de aula
Recomendación dos libros que máis lles gustaron	Puntual	Fondos da B.E. e outras
Composición de resumos , organizando secuencialmente as ideas principais	Puntual	Fondos da B. de aula, persoais e outros
Elaboración de murais	Puntual	Fondos da B.E., de aula e outros
Encontros con autores	Puntual	Fondos da B.E., persoais,
Busca de información en libros informativos, revistas, xornais, internet, ...	Puntual	Fondos da B.E., persoais, internet, outros,...

3º CICLO E. PRIMARIA		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos	Sistemática	Fondos da B. de aula, B.E., persoais, materiais temáticos de exposicións,...
Identificación das partes dun libro e análise da información que aporta cada unha: portada, solapas, índice,...	Puntual	Fondos da B.E., da B. de aula
Identificación da estrutura dun texto	Sistemática	Fondos da B.E., da B. de aula
Elaboración dun resumo organizando secuencialmente as ideas principais	Puntual	Fondos da B.E., da B. de aula e outros
Lectura de dous libros ao longo do curso	Sistemática	Fondos da B.E. e persoais
Realización de pequenos traballos sobre obras literarias: datos técnicos, personaxes, resumo,...	Puntual	Fondos da B.E., persoais, outros
Recomendación dos libros que máis lles gustaron	Puntual	Fondos da B.E., persoais,...
Encontros con autores	Puntual	Fondos da B.E., persoais,...
Colaboración na selección de títulos para a Biblioteca de aula	Sistemática	Fondos da B. de aula
Busca de fondos que ofrezan información sobre un tema	Puntual	Fondos da B.E. e outros
Busca de información en libros informativos, revistas, xornais, internet,	Sistemática	Fondos da B.E., da B. de aula, internet, outros,...

2.4.7. Ler en familia

Animarase ás familias (a través das reunións colectivas que se realizan con elas ou das individuais) para que colaboren na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

Explicaráselles que estamos facendo, con que fin, como o levamos a cabo e cal pode ser a súa colaboración na casa. Tratarase de convencerlos das vantaxes que reporta o hábito lector aos seus fillos, cales son os tipos de lectura máis recomendadas para cada idade, que accións facilitan o achegamento á lectura,...

2.4.8. Avaliación

Ao final de curso realizarase unha avaliación por ciclos na que se informará dos avances ou dificultades atopadas.

3. Concreción do proxecto de dirección.

OBXECTIVO 1. Revisión dos documentos legislativos elaborados polo Centro, así como da nomenclatura utilizada para adaptalos á LOE. Redacción do proxecto de xestión segundo o artigo 123 da Lei Orgánica, 2/2006, do 3 de maio de Educación.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * O Equipo Directivo realizará un anteproxecto do Proxecto Educativo de Centro para o seu estudo e discusión nos equipos de ciclo, CCP, Claustro e Consello Escolar.
- * Elaborar a Programación Xeral Anual segundo o disposto pola Administración Educativa a partir do artigo 125 da LOE.

OBXECTIVO 2. Potenciar o coñecemento da LOE e calquera outra lexislación educativa entre o profesorado do centro de forma que se convertan nas referencias do noso traballo.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

Difusión entre os/as profesores/as dos contidos recollidos na LOE así como das disposicións legislativas que desenvolvan a citada lei de educación, empregando a tal fin o correo electrónico e outros medios de comunicación.

OBXECTIVO 3. Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docentes para facelos máis efectivos.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Creación das comisións ou equipos que se precisen para o bo funcionamento do centro.
- * Planificar as reunións necesarias establecendo un calendario anual.
- * Marcar obxectivos moi definidos.
- * *Discusión primeiro nos equipos de ciclo elevando propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica ou viceversa.*

OBXECTIVO 4. *Crear uns sinais fortes de identidade do Centro.*

En relación a este obxectivo cabe sinalar que a súa consecución estará en función da medida en que se vaian cumprindo os demais obxectivos, xa que son todas as actividades e proxectos que se programan nun centro educativo, así como as actitudes e os valores nas que se cre, son as que van formando a súa identidade. E esta será tanto máis forte canto máis afianzados estean os programas que se desenvolvan.

Nesta liña de actuación pódese sinalar o emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) nos procesos de ensino-aprendizaxe e do recoñecemento exterior como centro de referencia no uso das TIC.

OBXECTIVO 5. *Recoñecer e valorar o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador e fundamental da vida do Centro.*

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Facilitar o traballo do Departamento de Orientación en canto á dispoñibilidade de espazos, tempos ou materiais.

- * Colaborar coas propostas do Departamento de Orientación para así fomentar a participación do resto do profesorado.

OBXECTIVO 6. *Fomentar o respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa e motivar a recuperación da autoridade (que non autoritarismo) das mestras e mestres no seu significado real e pleno.*

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Impulsar o diálogo coas familias dos alumnos e das alumnas co fin de que asuman a importancia da súa participación na vida do centro e actitude cara á escola na propia valoración que os seus fillos e fillas fan da mesma.

- * Asesoramento ás familias sobre as condutas a evitar na casa e cales incentivar.

- * Divulgar entre os membros da Comunidade Educativa as Normas de Organización e Funcionamento.

OBXECTIVO 7. *Fomentar a participación activa das familias do alumnado nas actividades do Centro.*

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* *Establecemento de reunións periódicas coa xunta directiva do ANPA Milnen@s, e coa representación das familias no consello escolar.*

* *Propiciar a participación das familias na eleccións dos seus representantes no Consello Escolar asistindo en calidade de presidente do consello escolar ás actividades organizadas pola ANPA Milnen@s.*

* *Realización de actividades formativas no eido das Tecnoloxías da Información e da Comunicación dirixidas a mellorar a alfabetización dixital nas familias.*

OBXECTIVO 8. Potenciar a formación e o traballo en equipo do profesorado. Especialmente nas novas tecnoloxías.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

↳ Continuar co Seminario Permanente sobre a revista dixital.

↳ Participar no Proxecto de Formación en Centros específico para Centros Abalar.

OBXECTIVO 9. Respetar e cumprir os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Prestar especial atención á linguaxe sexista cando se elabore calquera nota, circular, etc. dirixida ás familias. O mesmo nas circulares internas do Centro.

* Eliminar dos documentos existentes no centro a linguaxe sexista.

* Conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora prestando especial atención á sensibilización de toda a Comunidade Educativa ante esta problemática.

OBXECTIVO 10. Respetar os principios básicos de xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto, igualdade ou calquera outro vital na formación do ser humano.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Incentivar a programación de actividades encamiñadas a fomentar o respecto, tolerancia, igualdade, etc. Promover a asistencia do profesorado a foros e congresos sobre estes temas.

* Continuar co protocolo de resolución pacífica de conflitos. Facelo a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

* Conmemorar os días establecidos no calendario a estes efectos: Día da Paz, dos Dereitos Humanos... Asumir que estas conmemoracións non son días de

esta sesión actividades docentes que precisan un traballo previo, simultáneo e posterior á actividade en si.

OBXECTIVO 11. Articular medidas de actuación que favorezan a integración das diferentes minorías existentes no Centro: etnias, inmigrantes, alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuación:

- * Propoñer no seno do Departamento de Orientación a organización dunha semana sociocultural na que participen representantes de tódalas minorías existentes no centro.

OBXECTIVO 12. Promover e impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do noso idioma en todos os ámbitos.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuación:

- * Promover a participación en campañas para o desenvolvemento lingüístico promovidas desde as diferentes administracións.

- * Colaborar na posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro.

- * Manter unha continuidade no uso da lingua galega nas actividades promovidas polo centro propiciando o contacto do alumnado con persoas relevantes da cultura e literatura galega.

- * Propiciar a celebración da Semana das Letras Galegas.

OBXECTIVO 13. Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do Centro como mediateca do centro e como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do Centro.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuacións:

- * Acondicionar o espazo da biblioteca ás necesidades da comunidade educativa.

- * Potenciar o uso da biblioteca escolar como mediateca do centro educativo, facilitando o emprego de todo tipo de soportes de consulta.

- * Realizar conferencias e/ou mesas redondas sobre temas de actualidade directamente relacionados coa educación.

OBXECTIVO 14. Organizar e impulsar a utilización correcta do Salón de Usos Múltiples.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Mellorar as dotacións de infraestruturas do SUM tales como a modificación e ampliación da tarima do escenario.
- * Diferenciar as zonas para empregar nas sesións docentes e nas de actividades extra-escolares.
- * Manter reunións periódicas co persoal encargado das diferentes actividades que se desenvolven no SUM para propiciar o coidado das instalacións.

OBXECTIVO 15. Estudar a distribución dos espazos do centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

** Buscar sistemas de división vertical compatibles cos recursos económicos do centro que permitan a subdivisión dos espazos de Administración e da Aula de Apoio.*

Os obxectivos 16, 17, 18 e 19 do Proxecto de Dirección están recollidos nos obxectivos xerais do centro que aparecen no punto 2 desta PXA.

A concreción anual destes obxectivos céntranse nas diferentes actividades que se pretenden desenvolver ao longo de todo o curso escolar polos diferentes ciclos e equipos de coordinación didáctica.

OBXECTIVO 20. Mellorar o aspecto físico do colexio tanto externo como interno, do edificio anexo e da parte exterior.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Acondicionamento do entorno do invernadoiro para facilitar un uso axeitado polo alumnado e o profesorado.
- * Creación dunha Comisión de Horto Escolar e promover a realización de actividades de cultivo ornamental para enriquecer as zonas exteriores do colexio, creando unha cultura de respecto medio-ambiental entre o alumnado.
- * Realización dun documento gráfico coas necesidades de melloras nas infraestruturas a solicitar ó Concello no apartado de pequenas reparacións.
 - Establecemento de comunicacións coas autoridades da Consellería de Educación sobre a nova construción do edificio para educación infantil e servizos anexos.

4. Obxectivos de ciclo.

4.1. Obxectivos de educación infantil.

O Equipo Docente de Educación Infantil cara o curso 2011/12 propónse os seguintes obxectivos:

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autonomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Continuar co proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación infantil a través da revista en-liña, web do cole e distintos soportes de web 2.0, ademais de exposicións no propio recinto escolar
- Achegar, na medida do posible, ó alumnado ás novas tecnoloxías.
- Desenvolver actitudes positivas cara á propia lingua, despertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas.
- Respectar distintos grupos sociais próximos valorando, as súas características, producións culturais, e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos con N.E.A.E.
- Dedicar cada día da semana a un tipo diferente de alimento na merenda escolar.
- Acadar que todas as aulas dispoñan de papeleiras de reciclaxe.
- Os alimentos deberán vir dentro dun recipiente hermético, para evitar envoltorios e envases que danen o medio ambiente.
- Utilización da mascota FEIRAN como eixo dinamizador e motivador do uso do galego no centro.
- Concienciarse da redución de residuos a través do almuerzo de media mañá.
- Participar no Proxecto Voz Natura a través da horta escolar.

4.2. Obxectivos do primeiro ciclo de primaria.

- Incidir na necesidade de manter a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Considerar como obxectivo prioritario do Ciclo a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de cálculo, insistindo unha vez máis na importancia da colaboración familiar.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores, horta.... e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos mesmos e á mellora da súa calidade de vida.
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
- Introducir ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.

4.3. Obxectivos do segundo ciclo de primaria.

- .Potenciar a utilización da Lingua Galega para mellorar a competencia oral nesta lingua.
- .Desenvolver actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos.
- .Mellorar a competencia lectora do alumnado mediante as seguintes medidas:
 - A) Desenvolver actividades lectoras incidindo nunha comprensión e entoación axeitadas.
 - B) Seguir co proxecto “Plan de Lectura” por lecer.
 - C) Solicitar a colaboración dos pais-nais para que os seus fillos-as lean diariamente na casa.
 - D) Potenciar o uso da biblioteca escolar e sistema de empréstitos.
- .Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, valorando o esforzo para a consolidación das aprendizaxes.
- .Desenvolver entre o alumnado, no ámbito do colexio e da aula, hábitos sociais tales como aprender a escoitar, non interromper e manter a atención ante calquera observación dun ensinante.

.Empregar o horto como recurso educativo, tendo en conta o Proxecto de Voz Natura.

.Implicar ao alumnado no respecto polas instalación do colexio e do seu contorno.

.Mentalizar ao alumnado na defensa e coidado do Medio Ambiente, fomentando hábitos que contribúan a unha vida saudable.

.Promover traballos de investigación utilizando as novas tecnoloxías e a Biblioteca como principais centros de recursos.

4.4. Obxectivos do terceiro ciclo de primaria.

Ó finalizar o terceiro ciclo cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ó ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

1.- Potenciar un ambiente de estudio e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga ... manter silencio e atención ante as explicación dos docentes.

2.- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.

3.- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.

4.- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura. Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

- Comprensión.
- Velocidade adecuada
- Entoación

En canto á escritura os aspectos prioritarios serán:

- Velocidade

- Presentación
- Adecuación léxica
- Corrección sintáctica e ortográfica.
- Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propia.

5.- Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.

6.- Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.

7.- Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.

8.- Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, etc, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.

9.- Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

10.- Iniciar a nosa participación no proxecto ABALAR .

11.- Apoiar e comprometer nos coa actividade de teatro cuxa continuidade valoramos por considerala un complemento importante na formación do alumnado.

5. Plan Xeral do Equipo de Dinamización Lingüística.

Este equipo, dando continuidade ao traballo realizado en cursos anteriores, segue tendo como obxectivo fundamental o de fomentar a valoración e emprego da Lingua Galega nos diferentes contextos e actividades da comunidade educativa.

Co fin de acadar esta meta, propoñemos os seguintes obxectivos específicos:

- Colaborar na posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro, fomentando o desenvolvemento da competencia lingüística oral en galego do noso alumnado.

- Apoiar as iniciativas que axuden á divulgación dos diferentes aspectos da nosa cultura.
- Fomentar un maior emprego do galego nas diferentes actividades da vida escolar (megafonía, actuacións, festas...) así como a mellora das competencias lingüísticas dos membros da comunidade educativa.
- Continuar promovendo a formación de grupos de teatro en galego entre o alumnado do centro.
- En estreita colaboración co equipo de Voz Natura/ Horto escolar; continuar co proxecto de dar a coñecer os nomes en galego dos elementos do contorno escolar.
- Cooperar na celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal e Entroido) e promover o festival de celebración das Letras Galegas.
- Dar continuidade ao proxecto de divulgación e recuperación de xogos tradicionais galegos.
- Localizar e organizar todo o material didáctico en galego existente no centro.
- Colaborar co equipo da biblioteca no fomento do uso do galego a través de iniciativas como a adquisición de material bibliográfico e audiovisual, as recomendacións de lecturas en lingua galega ou a organización de sesións de contacontos en galego.
- Continuar a colaboración co equipo das TICs para o fomento do coñecemento e uso do noso idioma, así como a divulgación da nosa cultura, a través das Novas Tecnoloxías.
- Dar continuidade ao proxecto da mascota como elemento motivador, unificador e dinamizador das actividades propostas polo EDLG.

6.- Comisión das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

6.1.Obxectivos.

- * Mellorar as dotacións de equipamento da aula de audiovisuais do 2º Ciclo de E. Infantil.
- * Mercar unha impresora láser B/N para a Sala de Profesorado do 2º Ciclo de E. Infantil.
- * Instalar 2 pantallas de proxección mural para as aulas de 6ºA e 6º B do 3º Ciclo de E. Primaria.

* Completar a dotación de teclados e ratos inalámbricos para os equipos móbiles de proxección.

6.2. Actividades.

* Realización de actividades conxuntas internivelares no 2º Ciclo de E. Primaria empregando as TIC nas áreas curriculares.

* Continuación do Seminario sobre a Revista Dixital en-liña

* Incrementar o mantemento e actualización da web oficial do centro, incorporando progresivamente máis profesorado na publicación de novos contidos.

* Aproveitamento dos recursos TIC instalados recentemente nas aulas do 1º ciclo de educación primaria, gracias á colaboración das editoriais SM e Anaya.

* Participar activamente no Proxecto de Formación en Centros Abalar.

7. Departamento de Orientación

7.1. Obxectivos xerais.

RESPECTO AO ALUMNADO:

↳ Identificar e valorar as competencias e as necesidades educativas do alumnado do centro (avaliación psicopedagóxica).

↳ Diseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención.

↳ Elaborar materiais específicos para o tratamento das dificultades dos escolares.

↳ Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para enfrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade.

↳ Diseñar e elaborar novos materiais de rexistro, seguimento e avaliación do alumnado.

EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS:

↳ Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

↳ Elaborar e aplicar o programa “ Desenvolvemento de Hábitos e Técnicas de Estudio”, dirixido ás familias do alumnado de educación primaria.

↳ Informar ás familias do alumnado con NEAE sobre a evolución e desenvolvemento educativo e persoal dos seus fillos e fillas.

CON REFERENCIA AO EQUIPO DOCENTE:

- ↳ Colaborar co equipo docente no proceso de avaliación formativa do alumnado e na información ás familias.
- ↳ Impulsar a participación do equipo docente en programas de formación, investigación e innovación educativa.
- ↳ Elaborar e proporcionarlle materiais adaptados as súas demandas.

RELATIVO AO CENTRO E A OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- ↳ Revisar o plan de orientación, o plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, e se é o caso, modificalo.
- ↳ Participar na revisión dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ↳ Colaborar cos servizos que prestan atención socioeducativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención interdisciplinar.
- ↳ Coordinarse cos departamentos de orientación dos institutos: Salvador de Madariaga e Rafael Dieste.
- ↳ Establecer un sistema funcional de arquivo.
- ↳ Realizar un inventario e clasificación dos recursos materiais didácticos e de diagnóstico do departamento de orientación.
- ↳ Colaborar nas actividades complementarias, facilitando e / ou potenciando a integración do alumnado con NEAE.
- ↳ Manter unha estreita coordinación entre os diferentes integrantes do departamento.

8.- Observatorio da convivencia.

8.1. Obxectivos

- Continuar co desenvolvemento do Observatorio iniciado no curso 2007/08.
- Busca de propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do observatorio.
- Tentar dar resposta ás necesidades educativas do centro detectadas polo observatorio en cada momento.
- Desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos que podían xurdir no ámbito educativo.

9.- Situación das instalacións e equipamento.

Ante o constante incremento do alumnado do centro, as instalacións escolares seguen a ser determinantes para o desenvolvemento harmónico das actividades didácticas. Neste senso resulta necesario reseñar novamente a insuficiencia das instalacións do edificio de educación infantil, no que conviven a cotío 210 alumnos/as e 18 docentes, nun espazo inadecuado e con moitas carencias espaciais. Este feito obriga a compartir na mesma dependencia alumnado con problemáticas moi diferenciadas baixo a atención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

Por outra banda a carencia de espazos alternativos ás propias aulas obriga tamén ó alumnado e ó profesorado a permanecer practicamente as 5 sesións lectivas na propia aula, sen apenas posibilidade de realizar desdobres para actividades máis lúdicas ou expresivas.

Esta problemática espacial do edificio de educación infantil, tamén ten signos parecidos no edificio de educación primaria, no que tamén serían necesarios espazos alternativos ás propias aulas de cada grupo para a realización de apoios máis individualizados ou desdobres para o emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación en grupos menos numerosos.

Estas deficiencias desaparecerían ou ben reduciríanse notablemente coa ansiada ampliación do colexio de educación infantil, que permitiría a ubicación do comedor escolar no novo edificio de infantil, baleirando dúas dependencias no edificio de educación primaria

En canto á mellora das infraestruturas existentes necesitaríase:

- Portas de emerxencia no edificio de educación infantil.
- Acondicionar os servizos hixiénicos do alumnado nos edificios de educación infantil e primaria.
- Instalación dun sistema tipo vídeo-porteiro no acceso ao edificio de educación infantil desde a rúa.
- Dotar dun pavimento tipo “tatami” no chan das aulas do primeiro ciclo de primaria.
- Arranxar as fendas situadas na zona do lucernario do edificio de educación primaria e practicamente en tódolos paramentos verticais do colexio.

- Arranxar os paramentos vitrificados de aulas e corredores do edificio de educación primaria para evitar accidentabilidade entre os usuarios do centro.
- Remodelar e adaptar ás necesidades actuais o mobiliario fixo das aulas do centro.
- Eliminación das barreiras arquitectónicas en todo o recinto escolar.
- Necesidade de reposición integral do valado interior que circunda as pistas inferiores.
- Instalación de porterías na pista polideportiva exterior e pintado dos campos deportivos.

10. Organización do centro.

10.1. Estrutura organizativa.

10.1.1. Equipo directivo

Director: D. José Manuel García Yanes

Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo

Secretario: D. Antonio Castiñeira Vázquez

O director, tras presentar proxecto de dirección e ser seleccionado pola comisión avaliadora foi nomeado con data 1 de xullo de 2009 por un período de catro cursos escolares.

10.1.2 Profesorado

Profesorado educación infantil

4º Educación Infantil – Grupo A: Dna. Ana Álvarez García

4º Educación Infantil - Grupo B: Dna. Mª Aurora Candal Miranda

4º Educación Infantil - Grupo C: Dna. Teresa Bernedo Vilor

Apoio 4º Educación Infantil: Dna. María J. Rodríguez Rodríguez

5º Educación Infantil - Grupo A: Dna. Mª Josefa Fernández Santiso

5º Educación Infantil - Grupo B: Dna. María Mar Santiago Arca

5º Educación Infantil - Grupo C: Dna. Mª Victoria Mantiñan Canzobre

Apoio 5º Educación Infantil: Dna. Caterina Gómez Barrio
6º Educación Infantil - Grupo A: Dna. Joaquina Rodríguez Moreira
6º Educación Infantil - Grupo B: Dna. Mª Carmen Cruz Ceide
6º Educación Infantil - Grupo C: Dna. Consuelo Beiroa Fraga
Apoio 6º Educación Infantil: Dna. Rosa Mª Pernas Cortiñas

Primeiro ciclo de primaria.

1º A: Dna. Mercedes Martínez Calvo
1º B: Dna. Estrella Guillán García
1º C: Dna. Mª Carmen Mera Ben (Subst. Dna. Iria Canedo Monasterio)
2º A: Dna. Mª Carmen Mazaira Oliveira (Subst. Dna. Josefa Couto Sanmartín)
2º B: Dna. Manuela Labandeira Vázquez
2º C: D. Gonzalo Lores Cons

Segundo ciclo de primaria

3º A: D. Horacio Vázquez Boedo
3º B: Dna. Mercedes Álvarez Montáns
3º C: Dna. Ana María López Pardo
4º A: D. Salvador Espiñeira Riveiros
4º B: Dna. María Elena Sánchez Seoane
4º C: Dna. Mª Teresa Gavín Bouso

Terceiro ciclo de primaria

5º A: Dna. Mª Teresa del Valle Chousa
5º B: Dna. Mª José Ferrer Varela
5º C: Dna. Mª Concepción García Diéguez
6º A: Dna. Mª Carmen Santos Iglesias
6º B: Dna. Mª José Cabado López
6º C: D. Antonio Castiñeira Vázquez

Especialidades

Orientación: Dna. Mª Montserrat Erausquin Salazar
(Subst. Dna. Mª Remedios Pérez Lamela)
Pedagogía Terapéutica 1: Dna. Mª Jesús López Vila
Pedagogía Terapéutica 2: Dna. Mª Paloma Fraga Couceiro

Pedagogía Terapéutica 3:	Dna. Ana Victoria Pérez Meiriño
Audición e Linguaxe 1:	Dna. María Boado Valiño
Audición e Linguaxe 2:	Dna. Raquel García García (Subst. Dna. Antía Sabela García Castro)
Ed. Compensatoria:	Dna. M ^a Ángeles Blanco Río (Subst. Dna Alexandra Campos Vázquez)
Educación Musical 1:	Dna. M ^a Nieves Villar Garrote
Educación Musical 2:	D. Pedro de Uña Álvarez
Educación Física 1:	D. José Manuel García Yanes
Educación Física 2:	D. José A. Borrajo Menor
Educación Física 3:	Dna. Raquel López Manteiga
Filoloxía Inglesa 1:	Dna. M ^a del Carmen Roel Rodríguez
Filoloxía Inglesa 2:	Dna. M ^a Carmen Vázquez Casanova
Filoloxía Inglesa 3:	Dna. Rosa M ^a Fernández Sánchez
Relixión Católica 1:	Dna. M ^a José Lago Petisco
